

1

ISOTIPOS CONCELLO DE MOECHE

Só hai dúas versións (2) dispoñibles

MOeche isotipo-1  a principal
e

MOeche isotipo-2  reservada para casos especiais

Os arquivos aparecerán en tamaño grande, só se reducirán cando se precise.

Ao colocar o isotipo no documento apreciaremos unha área imaxinaria e baleira ao redor del, é simplemente o espazo reservado suxerido como adequado para non invadir a imaxe do Concello.

2

De cada versión existen dúas variantes; **1** e **1b**:

a positiva (habitual) e a negativa

MOeche isotipo-1 e **MOeche isotipo-1b**





MOeche isotipo-2 e

MOeche isotipo-2b





as variantes en versión **.png** poden aplicarse sobre fondos coloreados ou fotográficos, pero non aparecerán na típica caixa branca. E a versión **b** (negativa) será a idónea para fondos escuros e saturados.

3

Cada versión se pode obter en tres (3) tipos de arquivos: **PNG, TIF e EPS**

As variantes (**1b** e **2b** negativas) pódense obter en **png** e **eps**

MOeche isotipo-1.png

MOeche isotipo-1.tif

MOeche isotipo-1.eps

MOeche isotipo-1b.png

MOeche isotipo-1b.eps

MOeche isotipo-2.png

MOeche isotipo-2.tif

MOeche isotipo-2.eps

MOeche isotipo-2b.png

MOeche isotipo-2b.eps

Arquivos recomendados

4

.PNG Para a maioría das ocasións, este será o tipo de arquivo adecuado.

Estes arquivos:







MOeche isotipo-1.png e **MOeche isotipo-2.png**

aparecen na súa cor verde oficial e co fondo transparente, o que lles permite aplicarse sobre fondos fotográficos ou non brancos.

Estes outros arquivos (**1b** e **2b**)

MOeche isotipo-1b.png e **MOeche isotipo-2b.png**

aparecerán en branco e tamén co fondo transparente, e permitirían aplicalos sobre fotografías e fondos escuros e saturados.

5

Os **TIF** ou **TIFF** son mapas de bits. Tamén teñen fondo transparente, pero a maiores, en certos programas de autoedición como Word por exemplo, ofrecen a característica de ser coloreables e, polo tanto, ofrecen máis posibilidades.

Estes arquivos





MOeche isotipo-1.tif e **MOeche isotipo-2.tif**

aparecen por defecto en cor negra.

O negro tamén é unha cor oficial para o Concello de Moeche. En casos excepcionais pode, con criterio, empregarse outra cor, ademais de branco.

En word (versión 2011 por exemplo), seleccionando este arquivo tif unha vez colocado no documento, e indo ao menú "formato de imaxe" e de aí á pestana "volver a colorear", pódese actuar tanto sobre o fondo como sobre a forma, así como cambiar ese negro por branco ou asignarlle o verde "toelo", unha vez creado na paleta de cor.

6

Os **EPS** son arquivos con linguaxe postscript (un estándar na industria gráfica) e outras características, como pode ser o de incluír o trazado dentro do propio arquivo. Tamén van na cor oficial "verde toelo".

Tanto os EPS coma os TIF van máis orientados aos profesionais das artes gráficas.

As cores oficiais son:



Verde "Toelo", Branco e Negro

Equivalencias do Verde "Toelo"

- **Pantone**= 350 c
- **CMYK**= c60 m0 y50 k70
- **RGB**= r43 g85 b68
- **web-html**= 33-66-33
- **RAL**= 6009